

2005


O PEIRAO

recuperación do espazo urban


analise
02

as propostas fundamentaranse nun coñecemento da realidade concreta, mais tamén do carácter administrativo das concesións actuais. Todas teñen fechas de caducidade, algunhas delas moi próximas, 2011 ou 2013, que poden abrir o escenario de actuación, ou 2028 a do porto deportivo, implantación da que non se dubida. Pero si pódese dubidar da coherencia das outras implantacións, das que nunca ninguén pensou que puideran ter unha organización de conxunto que fora útil non soamente ós usos que se están producindo nelas, senón tamén útil á cidade, na súa desconexión con respecto ó espazo público que as rodea, e sobre todo por en cuestión a necesidade de continuar con eses almacéns do peirao vello no senso en que son subutilizados actualmente, e a consideración do seu espazo residual como espazo de aparcamento incontrolado para a cidade


encadre territorial




superficies do ámbito



contacto coa ría



usos das edificacións



réximes das concesións

no caso de Viveiro sucede, ademais da situación de obsolescencia funcional do porto, o feito de que a area de contacto entre os peiraos vellos e a cidade histórica, o núcleo histórico de Viveiro, está atravesada por unha estrada autonómica que comunica o conxunto dos accesos comarcais á cidade de Viveiro e o porto de Viveiro - Celeiro, na súa relación trascantábrica e co interior, a través de Vilalba - Lugo

estes accesos, resoltos dunha maneira moi difícil nunha cidade, como todas, constreñida pola afluencia de tráfico, engade ó tráfico habitual, da mobilidade local e comarcal, os tráxicos pesados, os grandes camiões que transportan mercadorías e pasan precisamente pola porta e a ponte mais antigas da Vila, dividindo e segregando o espazo portuario do espazo cidadán

para resolver algúns destes problemas do tráfico pesado, por parte da administración autonómica e o Concello de Viveiro deberá proporse unha solución da variante territorial que permita construír unha estrada especializada que enlace directamente o porto de Celeiro e o conxunto de estradas que concorren en Viveiro, tanto a estrada da costa trascantábrica como a estrada de Lugo, nun sistema especializado ó cal encamiñar os tráxicos de mercadoría e pesados, limitando o seu paso polo centro da cidade

organiza



colabora

